
A GALIÑA ROXA

Adaptación de **PILAR MARTÍNEZ**

Ilustracións de **MARCO SOMÀ**

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

A galiña roxa (galego)

ISBN 978-84-8464-809-3. Os contos do trasno.

La gallineta roja (castelán)

ISBN 978-84-92608-68-3. Libros para soñar.

La gallineta vermella (catalán)

ISBN 978-84-15170-25-9. Kalandraka-Hipòtesi.

A galinha ruiva (portugués)

ISBN 978-989-8205-91-9. Livros para sonhar.

The Little Red Hen (inglés)

ISBN 978-84-8464-810-9. Books for dreaming.

La gallinella rossa (italiano)

ISBN 978-88-95933-45-0. Libri per sognare.

Había unha vez unha galiña roxa que vivía nunha granxa cos seus pitiños. Na granxa vivían tamén un can lacazán, un gato durmiñón e un pato moi barulleiro. Un día, a galiña roxa andaba a remexer no chan en busca de comida, cando atopou uns grans de trigo. E tivo unha idea...


“A galiña roxa” é un conto tradicional moi estendido no mundo anglófono, cunha temática que nunca deixa de estar presente na vida cotiá: o valor do esforzo e da constancia -que sempre dan bos froitos- fronte á insolidariedade e á nugalá de quen está afeito a beneficiarse inxusta e inmerecidamente do traballo alleo.

A diferenza da ansia da galiña roxa por sacar proveito duns grans de trigo, a actitude do can lacazán, do gato durmiñón e do pato barulleiro indica -polos adxectivos que definen os personaxes- que non está no seu ánimo colaborar nas tarefas necesarias: sementar, segar, recoller, moer, amasar... Faenas que, ademais de ser duras, transcorren nunha longa liña de tempo, a través das estacións, polo que tampouco a paciencia forma parte das cualidades de quen só se interesa por obter resultados inmediatos.

As ilustracións, de tons cálidos e ocre, revisten o texto dun tinte lúdico, con animais humanizados, orixinais elementos mecánicos e unha ambientación que reflicte a vida tradicional no campo.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** a recompensa dun bo traballo.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** conto tradicional, estrutura repetitiva; a importancia do esforzo e do traballo ben feito fronte á nugalá e á impaciencia; ilustracións cálidas; a actividade do agro, o ciclo da natureza.

Pilar Martínez

(Burgos, 1959)

É diplomada en Maxisterio -en varias especialidades, entre elas a de Lingua Galega- e licenciada en Educación. Viviu en Ávila, no Sahara, en Australia e en Galicia, onde adquiriu a súa formación académica e onde traballa actualmente como profesora de inglés no Ensino Secundario. Con anterioridade, durante varios anos, foi mestra de 1º Ciclo. Ademais da súa faceta docente, tamén é asesora lingüística e tradutora de libros, moitos deles publicados por KALANDRAKA e o selo FAKTORÍA K.

Marco Somà

(Italia, 1983)

Estudou Pintura na Academia de Arte e, logo de graduarse, afondou no campo da ilustración, participando no Master Ars in Fabula (Macerata). É ilustrador profesional, con varios álbums infantís publicados, e imparte cursos de Técnicas Pictóricas e de Cómic na Academia de Arte de Cuneo. A súa obra foi seleccionada para expoñerse na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña en 2011 e para o Anuario da Asociación Italiana de Ilustradores.

<http://marcosoma.blogspot.com>

